

A Pedreira. Concello da Lama 2015

España oculta. Cristina García Rodero. Universidade de Barcelona. España. Edición do libro 1989.

Poética del espacio. Gastón Bachelard. S.L. Fondo de Cultura Económica de España, 1965.

La política de viviendas en las España franquista y postfranquista. Acciones e investigacións sociais. Ramón Betrán Abadía. 2002.

Os Concellos galegos. Xosé Fariña Jamardo. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1993

La sociabilidad campesina en la Galicia del Antiguo Régimen. Hortensio Sobrado Correa. Sociabilidades na vida e na morte (s. XVI- XIX) Cultura, espacio e memoria. 2014

Disertación para la facultad de arquitectura de Buenos Aires. Prado Esteban Diezma. Madrid 2015.

La espiral del silencio. E. Noelle Neumann. Paidós Ibérica. 2010



AS NEVEIRAS DO SUÍDO

Manuel Ángel Bugallo Otero

INTRODUCCIÓN

A serra do Suido é un sistema montañoso que alberga unha gran riqueza de patrimonio etnográfico resultado da adaptación do ser humano á contorna natural para o desenvolvemento de actividades sociais, económicas e culturais. A abundante presenza de pasteiros como fonte de alimento para o gando, deu lugar ao xurdimento de varias tipoloxías construtivas na zona: chozos, sesteiros e foxos do lobo. Estas construcións representan un claro exemplo da procura do home por adaptarse ás condicións impostas polo territorio. Con todo, existe outro tipo de construción pouco coñecida polos aldeáns, que deixa aínda máis latente o esforzo humano de aproveitamento do medio que habita, referímonos ás chamadas “nevciras” ou pozos de neve.

APROXIMACIÓN HISTÓRICA

Antecedentes

O uso ou o aproveitamento do xeo para a refrixeración e/ou conservación de bebidas e alimentos remóntase ata o ano 2.000 a. C. nas cidades mesopotámicas de Ur e Mari onde xa se falaba de “casas de neve” ou “casas de frío” para o almacenamento da neve procedente dos montes Zagros, Taurus ou das montañas de Anatolia.

En España atopámonos cunha longa tradición no consumo de neve nos mundos romano e islámico, pero as primeiras referencias documentais e así coma os restos arqueolóxicos que chegaron aos nosos días remóntanse á Baixa Idade Media. Os diversos estudos levados a cabo ata os nosos días conclúen que a explotación da neve en Galicia estaba estreitamente relacionada coa orde do Císter, desde os séculos XII e XIII. Pero é a finais do século XVI e comezos do XVII cando comezou o verdadeiro auxe do almacenamento, produción e comercialización do xeo no territorio galego, aumentando o seu consumo de forma crecente ata o século XVIII.

O incremento da produción e consumo de neve a partir do século XVI non só estivo relacionado cun costume que se volveu popular no noso territorio, senón tamén cunha serie de cambios climáticos que levaron un descenso das temperaturas e un incremento das precipitacións; estamos ante un suceso que os expertos denominaron “A Pequena Idade Glacial” ou “Miniglaciación”.

A Pequena Idade Glacial

A Pequena Idade Glacial foi un período frío comprendido entre os séculos XIV e XIX -entre os anos 1550 e 1850- que afectou Europa, Norteamérica e Asia. O período estivo marcado pola expansión das montañas glaciares principalmente nos Alpes, Noruega, Irlanda e Alasca.



Figura 01. Paisaxe invernal con patinadores sobre xeo de Hendrick Avercamp (1609)



Figura 02. O Tamesis conxelado de Abraham Hondius (1677)

Os estudos científicos determinaron como unha das posibles causas da orixe da Pequena Idade Glacial, a diminución da actividade solar chegando a un período denominado como o “Mínimo de Maunder” comprendido entre os anos de 1645 e 1715, durante o cal houbo unha escaseza no número de manchas solares, que puido afectar a temperatura media anual da Terra.




Figura 03. Gráfico de temperaturas históricas construídas do ano 0 ao 2000 d. C.

400 ANOS DE OBSERVACIÓNS DE MANCHAS SOLARES




Figura 04. Gráfico co Mínimo de Maunder

A outra posible causa deste período foi a grande actividade volcánica rexistrada no ano de 1815. As cinzas ocasionadas pola erupción do volcán Tambora no que agora coñecemos como Indo-

nesia, alcanzaron a parte alta da atmosfera formando nubes que impediron a penetración da radiación solar e ocasionaron unha diminución da temperatura mundial. O ano seguinte, 1816, coñecido coma “O ano sen verán” estivo marcado polas baixas temperaturas, o que deu lugar á formación de xeo nos meses de xuño e xullo en varias zonas do norte de Europa e en Nova Inglaterra.

1816 Summer Temperature Anomaly




Figura 05. Mapa das anomalías climatolóxicas do ano 1816 en Europa

En Galicia, o empeoramento do clima prodúcese entornó ao ano 1565 con choivas xerais e intensas acompañadas cun incremento dos temporais, foi o século XVII o período onde as condicións foron máis desfavorables polas frecuentes e abundantes choivas estivais, así como os grandes contrastes existentes entre os frios invernales e os calorosos meses de verán. Todo isto favoreceu a “colleita” e produción de xeo nas distintas serras galegas.

AS NEVEIRAS

No territorio galego existen dúas tipoloxías de pozos de neve ou sistemas de almacenamento, as chamadas “neveiras” e as “pozas”.

Neveiras

As neveiras existentes en Galicia presentan moitas similitudes coas do resto da Península Ibérica, a conca do Mediterráneo e o resto de Europa. Polo xeral son construcións de forma circular ou semicircular -nalgúns casos poden ter forma rectangular como a neveira de Vilar de Condés- escavadas no terreo a modo de pozo cunhas dimensións de diámetro e profundidade que varían en función das condicións climáticas da zona e a cantidade de neve para almacenar.

Co fin de conservar a neve no seu interior, presentaban unha envolvente que lles permitise estar o mellor illadas posible. Para iso, os seus muros estaban resoltos na maioría dos casos por un dobre muro de mampostería de pedra trabado con barro e terra que cumpría unha función illante e de soporte da estrutura de cuberta.

O fondo ou chan da neveira estaba resolto mediante un lousado de pedra que incorporaba unha canalización ou sistema interior de desaugadoiro que evitaba que a neve estivese en contacto coa auga produto da desconxelación. Sobre este pavimento colocábase un armazón de madeira que permitise “elevar” a neve, impedindo o seu contacto co fondo e facilitando a evacuación da auga.

En ocasións, algunhas das neveiras contaban cun foxo perimetral exterior que impedía o acceso da auga de choiva ao interior para evitar o desxeo da neve. O paso sobre o mesmo estaba resolto por un conxunto de laxes de pedra que formaban unha pequena ponte.

Inicialmente, o sistema de cubrición estaba formado por un tellado a unha ou dúas augas realizado a base dun armazón de madeira cuberto por palla ou tella. A cuberta foi evolucionando ata resolverse por medio dunha bóveda de pedra que dotaba a neveira dunhas prestacións térmicas mellores. Ademais de reducir os custos de mantemento pola substitución continua do armazón ou das tellas por desprazamentos ou roturas de material como consecuencia da acción do vento e os animais de pastoreo.



Figura 06. Planta e sección tipo e neveira
(NOTA: ESTA IMAXE FALTA, OCUPARÍA UN FOLIO DA PEDREIRA)



Figura 07. Neveira de Vilarinho-Fixó, vista xeral (Forcarei, Pontevedra)



Figura 08. Neveira de Vilarinho-Fixó, vista interior do pozo (Forcarei, Pontevedra)



Figura 09. Mamposteria de pedra enmuros de neveira de Vilarinho-Fixó



Figura 10. Neveira do Campo do Eirado (Xunqueira de Espadanedo, Ourense)



Figura 11. Neveira de Cabeza da Meda (Parada de Sil, Ourense)

As pozas

As pozas eran construcións destinadas á recollida masiva de neve, que era depositada e amoreada de forma temporal e rápida para o seu posterior traslado á neveira. As pozas existentes ao longo do territorio galego presentan unha adaptación ao medio e ás necesidades de recollida da zona.

Algúns autores fan referencia ás pozas como obras que combinaban a acción do home e a natureza aproveitando fendeduras nas rochas, ampliándoas ou modificándoas co fin de aumentar a súa capacidade. Son construcións de pouca entidade, onde en moitas ocasións tratábase dunha escavación no terreo a modo de balsa onde a propia terra extraída era empregada para a execución dos muros exteriores, cuberta por un sistema construtivo tradicional de palla, ramas ou tellas.

Do mesmo xeito que as neveiras, no fondo dispoñíase dun sistema interior de desaugadoiro ou para evitar a acumulación de auga desconxelada que afectaría o resto da neve.

Denominadas en moitas ocasións como casarelos, casiñas ou barracas, xogaron un papel moi importante no abastecemento das neveiras ao producir unha provisión rápida e poder dispoñer de neve en zonas onde callaba con maior seguridade.



Figura 12. Planta e sección dunha poza
(NOTA: ESTA IMAXE FALTA, OCUPARÍA UN FOLIO DA PEDREIRA)

A COLLEITA E PECHE DA NEVE

Os traballos correspondentes á “colleita” comezaban no momento da caída das primeiras nevadas, existían unha serie de labores que tiñan que estar realizados con présa para que a recolección fose exitosa.

Preparación do terreo

No mes de novembro producíase a convocatoria dos “colleiteiros” ou encargados da neve por parte dos propietarios da neveira ou da poza, -que en moitos casos recaía sobre os curas das parroquias inmediatas- que axudados por xornaleiros encargábanse da limpeza dos terreos empregados para a recollida da neve, polo que estes quedaban libres de pedras e vexetación.

Limpeza

A limpeza no interior da neveira consistía na comprobación do bo funcionamento do desaugadoiro e a revisión do armazón de madeira do fondo.

No exterior inspeccionábanse e arranxaban os posibles danos no tellado e procedíase á limpeza de toda a maleza que crecese nas inmediacións.

As pozas eran reconstruídas no caso de estar moi deterioradas, eliminábase toda a vexetación e pedras do seu interior e comprobábase o bo funcionamento do desaugadoiro.

Recollida

O encargado da neve esperaba as primeiras nevadas abundantes, co fin de subir aos terreos de recollida e comprobar que a

cantidade fose suficiente para comezar os traballos de recolección. Convocaba a todos os xornaleiros na súa casa facilitándolles os instrumentos necesarios para a recollida como aixadas, angarellas e pisóns, lembrándolles que debían de ir ben abrigados.

Ao chegar aos terreos, os xornaleiros procedían a recoller a neve coas aixadas para o seu posterior transporte á neveira por medio de angarellas. Unha vez nela, procedían ao recubrimento interior do fondo e das paredes por medio de palla, que funcionaba como un bo illante.



Figura 13. Fragmento da pintura *Els nevaters da Massanella* de Jaume Nadal (1750)

Posteriormente os xornaleiros distribuían a neve no interior, compactándoa por medio de pisóns para formar capas de 50 a 60 cm de espesor intercaladas por unha capa de palla co fin de impedir que se formase un gran bloque de xeo dentro da neveira, facilitando o seu posterior corte e transporte.



Figura 14. Debuxo de xomaleiros apisoando a neve

A continuación móstrase unha ilustración dun pozo de neve, aínda que non corresponde ao cento por cento coa tipoloxía das neveiras galegas, mostra claramente o funcionamento das tarefas de provisión da neve.



Figura 15. Esquema de funcionamento dun pozo de neve ou neveira

Encerro

Unha vez recollida toda a “colleita” procedíase ao peche da neve que comezaba desde as primeiras semanas de febreiro ata finais de maio ou principios de xuño, período no que a neve se endurecía para posteriormente ser cortada polo “neveiro”.

No verán comezaba o consumo do xeo, o cal ía ser retirado ás neveiras principalmente polas noites aproveitando a frescura desta parte do día para poder ser transportado co fin de evitar o menor número de diminucións posibles.

USOS DA NEVE

A neve tiña catro usos principais, a conservación de alimentos, o arrefriado de bebidas e comidas, a elaboración de xeados e sorbetes, e fins terapéuticos; existen documentos que testemuñan o emprego de todos eles durante os séculos XVII e XVIII en Galicia.

Os beneficios ou réditos económicos da venda do xeo eran obtidos polos seus propietarios que no caso de Galicia atópanse relacionados coa orde do Cister. A hipótese exposta por moitos expertos como consecuencia da ausencia de datos concluíntes é que foi esta institución a que introduciu esta práctica no territorio galego, co fin de establecer un novo negocio nunha zona cunhas condicións climatolóxicas óptimas.

Unha vez implementada esta actividade foi replicada por concellos, audiencias e nobres que decidiron construír as súas propias neveiras para lucrarse, algo que deu lugar a conflitos de intereses cos eclesiásticos.

En canto á súa distribución ou puntos de venda, existen escritos conservados na parroquia de Aciveiro que acreditan que algúns mosteiros coma o desta parroquia, si vendían a neve a grandes cidades

como Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Ourense, fronte a outros coma o de Oscira ou o de Sobrado que ao parecer nunca venderon.

Dentro da sociedade, os principais consumidores da neve foron os eclesiásticos, os nobres e as oligarquías urbanas. Durante a metade do século XVII o mosteiro de Aciveiro vendeu e forneceu de neve a casa do capitán xeral e a Real Audiencia de Galicia, e á súa vez o mosteiro de San Martiño Pinario e o Cabido de Santiago forneceu o arcebispado e distintos mosteiros da cidade.

En Galicia o comercio da neve foi unha actividade estendida por gran parte da súa xeografía. Con todo, na actualidade debido á pouca presenza de restos arqueolóxicos coñecidos, a falta de tradición oral como consecuencia do pouco calado social e o longo período de tempo sen ser usadas orixinaron unha falta de coñecemento da súa existencia.

NEVEIRAS NA SERRA DO SUÍDO

A posible existencia de neveiras na serra do Suído chega ao meu coñecemento nunha primeira conversa cos amigos e veciños de Pigarzos, Enrique Vaqueiro Costal e Manuel Boulosa Costal que me comentan da existencia de dúas estruturas destinadas ao almacenamento de neve dentro da parroquia de Xesta, das cales puideron coñecer a súa localización grazas a D. Alvaro Costal Piñeiro.

Foi así como Manuel Boulosa Costal me introduciu no mundo da neve en Galicia compartindo o seu coñecemento sobre esta “industria” do xeo. A súa investigación levouno a establecer a hipótese de que a posible existencia destas neveiras estaría vinculada á orde monástica do Cister, xa que se atopan próximas a dúas rutas medievais e comerciais presentes nesta serra. Por unha banda, o Camiño da Brea ou Breeiro (nome derivado de “verea” ou “camiño”) polas que se transportaba o viño do Ribeiro ata o mosteiro

de Aciveiro e Santiago. Doutra banda, o Camiño dos Arrieiros (transportistas que utilizaban mulas e cabalos para o traslado de mercadorías) que chegaba desde O Ribeiro ata o porto de Pontevedra e polo que se levaba o viño ata a costa e diversas mercadorías como peixe ao interior de Galicia.

En *A Serra do Suído no sur da Dorsal Galega. Coñecer para conservar*, publicado no ano 2008 pola Federación Ecoloxista Galega e a Asemblea do Suído fálase da existencia de varias neveiras na serra facendo referencia a unha chamada “Canos da Neveira” próxima ao Campo Longo dentro do concello de Fornelos de Montes.

Despois da lectura deste artigo, contactei con Alexandre Cendón, portavoz da Asemblea do Suído, que me confirma a existencia da neveira dos Canos da Neveira, indicándome a existencia doutra situada entre Os Cotos do Queimado do concello de Avión e o de Cornudos do concello da Graña moi preto do lugar de Salcedo.

Manuel Boulosa Costal fai referencia á existencia de dúas neveiras na serra do Suído dentro dos terreos da Comunidade de Montes de Xesta. A primeira delas localizada en palabras del: “detrás do Sesteiro de Amiudal e próxima á Cruz do Liño ao pé duns piñeiros”. A segunda está localizada “dentro do peche do pasteiro de Catro Camiños ao pé dun regueiriño que baixa desde O Val do Home”.

Para identificar e diferenciar as neveiras, decidimos bautizalas como “Neveira da Ponte de Pau” pola súa proximidade coa ponte deste nome e a segunda, “Neveira de Catro Camiños” por estar próxima a este cruzamento tan importante.

Por razóns loxísticas foime imposible visitar ambas as neveiras polo que centrei os meus esforzos na primeira delas, a Neveira da Ponte de Pau.

Neveira da Ponte de Pau

O acceso a esta neveira é a través dunha pista de terra que discorre en dirección sur-norte moi próxima ao cruzamento de Catro Camiños, no límite entre o concello da Lama e Avión. Como ben sinalaba Manuel Boullosa, a neveira atópase moi próxima da "Ponte de Pau" que cruza o regueiro das Portamoas.

Ao achegarse á zona atopámonos cunha plantación de piñeiros seguida dun gran montículo que destaca sobre a paisaxe formada por fentos e toxos. O emprazamento atópase a 952 metros de altitude sobre o nivel do mar, a unha latitude de $42^{\circ}23'30,34''$ N e unha lonxitude de $8^{\circ}19'34,00''$ O. Destaca por ser un enclave bastante rochoso e elevado desde o cal se poden apreciar a ría de Pontevedra e a de Arousa.



Figura 16. Fotografía aérea do emprazamento da neveira

O sitio nunha primeira ollada parece o idóneo para o establecemento dunha neveira, ao estar nun punto que supera os 900 metros sobre o nivel do mar, pola súa proximidade aos camiños medievais xa mencionados da Brea e dos Arrieiros e por dispoñer de terreos para a recollida da neve.

Unha vez preto do montículo atopámonos cunha maleza moi densa formada por fentos, toxos, silvas, xesteiras e piñeiros o cal nos indica a alta porcentaxe de humidade existente no chan.

O estado de conservación da posible neveira non permite facer unha inspección e valoración óptima do lugar pero tentouse facer unha descrición o máis detallada posible nestas condicións. Decidiuse non facer ningún tipo de roza ou limpeza por non contar cos permisos correspondentes da Dirección Xeral de Patrimonio da provincia de Pontevedra e por non danar ou debilitar a estrutura da neveira, para o que deberíamos de facer un estudo ou campaña arqueolóxica en condicións.

Con todo, expónse unha hipótese das características da posible neveira co fin de poder interpretar como puido ser. Partindo da morfoloxía que presenta o montículo, pártese da idea de que esa elevación responde á existencia dun posible foxo perimetral da neveira facendo que esta estivese máis "levantada". Durante as visitas que se fixeron ao sitio púidose comprobar que nalgúns zonas do perímetro existe unha fendedura no terreo que podería responder ao foxo.

Outra razón desta elevación podería ser a conservación de parte dos elementos que formaban a bóveda de pedra, xa que se poden apreciar restos de grandes pedras que en aparencia están traballadas.

Unha vez dentro do montículo pódese apreciar un gran buraco que ao parecer corresponde co pozo ou interior da neveira. A gran cantidade de vexetación fai moi complicadas as tarefas de campo e de identificación de todos os elementos da construción, con todo, creo na posibilidade de estar ante unha neveira.

O crecemento da vexetación pode dar unha idea sobre a posible localización da saída do desaugadoiro da neveira. A pendente do terreo desenvólvese desde o punto máis alto ao oeste ao máis baixo ao leste, polo que a lóxica construtiva lévanos a pensar que o desaugadoiro estaría cara ao oriente, favorecida así a saída da auga a través da pendente do terreo. E nesta dirección, é onde se atopa a maior cantidade de vexetación tanto arbustiva como arbórea, o que podería darnos unha pista da posible implantación deste pozo de neve no territorio.

Quería finalizar dando as grazas a Manuel Boulosa polos coñecementos compartidos e a axuda para poder redactar esta breve recensión. Facendo fincapé na necesidade dun estudo máis pormenorizado na zona para confirmar a hipótese exposta da existencia de neveiras na parroquia de Xesta.



Figura 17. Camiño cara á neveira



Figura 18. Montículo tras a plantación de piñeiros



Figura 19. Vista do montículo desde formación rochosa ao oeste



Figura 20. Aproximación ao montículo ou neveira



Figura 21. Vista exterior do pozo cuberto por vexetación



Figura 22. Vista interior do pozo cuberto terra e vexetación



Figura 23. Vista interior onde se pode apreciar pedras cortadas e traballadas



Figura 24. Vista das rías pontevedresas

Documentación e Bibliografía

BARCIELA GARCÍA S, BROWN D, AMOEDO LUEIRO XI (2009) A Serra do Suído e ou Alto Tea. Guía do patrimonio natural e etnográfico. Axencia de Sostibilidade, Concello de Covelo. Covelo, Pontevedra. 35 pp.

CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2006) As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Hércules Edicións. A Coruña, España. 550 pp.

CAPEL SÁENZ H (1997) O comercio da neve e do xeo. Biblio 3W. Revista Bibliográfica de Xeografía e Ciencias Sociais. Universidade de Barcelona. Barcelona.

CÉNDON GONZÁLEZ A (2008) A serra do Suído. No sur da dorsal galega. Federación Ecoloxista Galega. Santiago de Compostela. 27 pp. (VVAA)

FERNÁNDEZ CORTIZO C (1996) Neveiras e colleitas de neve en Galicia (Séculos XVII-XVIII). Obradoiro de Historia Moderna nº5, USC, Santiago de Compostela, pp 41-66

SAMPEDRO FERNÁNDEZ A (1999) Unha aproximación ao mundo da neve en Galicia. Cadernos de etnoloxía e etnografía de Navarra, nº 73. Gobierno de Navarra. Institución Príncipe de Viana. Pamplona pp. 381-407.

Figuras

As figuras (gráficos, diagramas, debuxos e fotografías) deste artigo son propiedade e autoría de Manuel Ángel Bugallo Otero salvo as seguintes:

Figura 01. Wikimedia Commons

Figura 02. Wikimedia Commons

Figura 03. www.teknociencia.wordpress.com

Figura 04. www.indagadores.wordpress.com

Figura 05. Wikimedia Commons

Figura 11. www.diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es

Figura 12. www.diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es

Figura 14. www.ub.edu/geocrit/b3w-856

Figura 15. Wikimedia Commons

Figura 16. Debuxo de Tomás Sendra. 2007



SANTA ANA DA BARCIA DO SEIXO

José María Cortizo Garrido